



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE O ROSAL PARA A EXECUCIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO PARQUE INFANTIL E DEPORTIVO DE PÍAS

En Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. D^a. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.


Doutra parte, D. Jesús M. Fernández Portela, Alcalde do concello de O Rosal, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio de colaboración, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o disposto nos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Segundo. De conformidade co establecido polo artigo 55.d) en relación co artigo 10.1 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril e os artigos 187, 194 e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, correspóndelle á Comunidade Autónoma, a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo mediante subvencións





XUNTA DE GALICIA

galicia

eventuais ou continuas e a subscrición de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica.

Terceiro.- O concello de O Rosal, no exercicio das súas competencias expón a necesidade de afrontar a **execución do alumeado público no Parque Infantil e Deportivo de Pías.**

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

Constitúen obxectivos do Plan *hURBE*, entre outros, os de:

- Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios económicos sustentables, así como medioambiental e socialmente.
- Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico dos núcleos urbanos das vilas e tamén, no seu caso, dos núcleos rurais do territorio galego.

Para o cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia promoverá a execución de equipamentos urbanos municipais, co fin de dotar aos concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, con obxecto de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Promoveranse todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Fomentarase, así mesmo, a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo.

O concello solicita colaboración económica, a través dun convenio, para dotar ao núcleo dunha infraestrutura necesaria, que complementará as dotacións dos equipamentos públicos municipais existentes, mellorando deste xeito os servizos que o concello ven prestando en materia de accesibilidade, seguridade peonil e equipamentos municipais.



XUNTA DE GALICIA

galicia

Esta situación fai que o obxecto desta colaboración se considere como de especial singularidade, o que acredita a xustificación da **non concorrencia pública para o outorgamento da axuda**.

A actuación prevista consiste na **execución do alumado público no Parque Infantil e Deportivo de Pías**, onde se levarán a cabo as seguintes accións:

- Subministro e colocación de columnas e luminarias na zona de paseos e xogos infantís.
- Subministro e colocación de columnas e luminarias na zona de pistas deportivas.
- Substitución do cadro xeral do alumado do parque, así como canalización, zapatas de formigón e colocación e subministro de condutor de alimentación.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”** contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Cuarto.- As obras considéranse necesarias para mellorar a calidade de vida da poboación, construíndo un espazo seguro, accesible, e mellorar a prestación dos servizos públicos municipais.

Quinto.- Atendendo á finalidade dos investimentos que pretende o concello, a actuación encádrase como obras de equipamentos e mellora de espazos públicos, para dar cobertura as necesidades da cidadanía e, polo tanto, susceptibles de recibir axudas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do seu orzamento de gastos, competencia que está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*,



XUNTA DE GALICIA

galicia

En consecuencia, constatadas as necesidades, o seu interese público e tendo en conta os beneficios que se derivan para o seus habitantes e a poboación en xeral, a Consellería considera axeitado colaborar na execución das actuacións e para iso contribuír cunha achega económica de **trinta e sete mil catrocentos corenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (37.448,82 €)**. A dita achega, ten que realizarse a través do concello, xa que é esta administración a mais próxima ao territorio e aos cidadáns beneficiarios. Por iso, a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos.

Sexto.- Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto deste acordo é atender necesidades específicas no Concello de O Rosal, no que se fai preciso realizar a obra de **“Alumeado público no Parque Infantil e Deportivo de Pías”**, actuación que é imprescindible para satisfacer as necesidades da cidadanía. Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

Sétimo.- O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Así mesmo, en virtude do establecido na disposición adicional segunda da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a sinatura deste convenio non precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Noveno.- Por todo isto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o Concello de O Rosal, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das actuacións citadas, a través dun convenio de colaboración con suxeición ás seguintes



XUNTA DE GALICIA

galicia

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e o concello de O Rosal para a realización da obra de **“Alumeado público no Parque Infantil e Deportivo de Pías”**, cun orzamento total de **trinta e sete mil catrocentos corenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (37.448,82 €)**.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES


Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

A.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo obrígase a:

a.- Participar no financiamento da actuación recollida neste convenio, cunha achega máxima de **trinta e sete mil catrocentos corenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (37.448,82 €)**, equivalente ao 100 % do investimento previsto, con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.521A.763.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2017, para o financiamento dos custos de execución da actuación.

Esta achega declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente. Así mesmo, o concello beneficiario poderá subcontratar, segundo se contempla no apartado B) desta cláusula, ata o 100% do investimento obxecto da axuda.

b.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, resérvase o dereito de inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.





B.- O Concello de O Rosal obrígase a:

a.- Redactar os documentos técnicos que definan as actuacións a executar.

b.- Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o promotor e beneficiario destas actuacións.

c.- Levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das actuacións descritas no documento técnico e formalizar os actos de recepción das mesmas, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado no apartado A da presente cláusula.

d.- De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume a total responsabilidade das execucións ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista ou contratistas encargados de executar as actuacións, a obriga da colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 27.5.

e.- Realizar ante Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. En relación co contido do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (DOG do 25 de xuño de 2007), faise constar para o presente acordo a excepción de consideración de gasto realizado igual ao gasto efectivamente pagado. A estes efectos, terase en conta que se considera gasto realizado, o que foi efectivamente certificado pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención (artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).



XUNTA DE GALICIA

galicia

Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo de un (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron as obras ou servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda.

(iii) Actas de recepción, unha vez finalizadas as actuacións.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto nas dependencias citadas, establécese no día **28 de decembro de 2017**.

f.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

g.- Comunicar á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

h.- Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento, neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

i.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

j.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto



XUNTA DE GALICIA

galicia

11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

k.- O concello de O Rosal presta expresamente o seu consentimento para que se lle de, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, rexistros creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina Web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de **trinta e sete mil catrocentos corenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (37.448,82 €)**, que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao concello de O Rosal, contra a presentación por este das certificacións de obra executada. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais ata o 80% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes certificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado e) da cláusula segunda.

Unha vez rematadas as obras, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Asemade, de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se fora o caso que, a actividade se financiara ademais de coa subvención con fondos propios, ou outras subvencións



XUNTA DE GALICIA

galicia

ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir, limitándose a súa contribución económica aos límites pactados no presente convenio.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES


A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por un representante de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste convenio. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación. Todas as incidencias que puidesen xurdir deste convenio serán formuladas a través da comisión de seguimento, que resolverá de mutuo acordo.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

O incumprimento por calquera das partes das cláusulas do presente convenio poderá dar lugar a denuncia deste.





XUNTA DE GALICIA

galicia

SEXTA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura e terá a duración precisa para a completa execución das actuacións nel recollidas.

En todo caso, a eficacia deste convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo da autonomía da vontade das partes asinantes para addendar o presente convenio aos efectos de adaptar, no seu caso, a súa duración ao ritmo de execución das actuacións obxecto do mesmo.

NOVENA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.



XUNTA DE GALICIA

galicia

2.- Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

3.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente Convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

Pola XUNTA DE GALICIA
A Conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

Beatriz Mato Otero

Polo CONCELLO DO ROSAL
O Alcalde

Jesús M. Fernández Portela